

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



MARUJA MALLO

(Viveiro, 1902 - Madrid, 1995)

Foi unha pintora galega
de recoñecemento internacional.

Considerada unha das máximas
representantes do surrealismo, a súa
obra destaca en todos os ámbitos
por unha constante e innovadora
evolución artística.

Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correo do Vento

Fixo de todo e tratou decote de aprender e mellorar.

Participou coas súas ilustracións en numerosas revistas,
realizou cadros moi importantes, escenografías teatrais,
cerámicas, pinturas murais, conferencias, accións poéticas,
fotografías artísticas...


Todo isto sempre dende unha óptica rebelde,
comprometida e moi divertida.

E ti, queres saber máis?

Sabías que a Maruja Mallo formou parte das *Sensombreiro*?

MULLERES GALEGAS

investiga



Estudou na Escola de Belas Artes de San Fernando de Madrid e alí formou parte das *Sensombreiro*, un grupo de mulleres que nos anos vinte destacaron pola súa arte e rebeldía, como **Concha Méndez, Margarita Manso ou María Zambrano**.

Chamáronse así por un episodio que lle sucedeu a Maruja en Madrid. **Naquela época non estaba ben visto non levar sombreiro**, e ela xunto a outras compañeiras **decidiron quitalo** como mostra de disconformidade perante unha sociedade tan pechada e inxusta. Non era fácil ser artista de seu, pero aínda o era moito máis difícil sendo muller nun mundo no que se potenciaban máis as obras de artistas masculinos.



Maruja saíu adiante de todas as adversidades e os seus cadros chegaron lonxe: dende París en 1933, onde a súa obra namorou a vangarda surrealista, ata as exposicións de éxito por todo o mundo, en Nova York, Bos Aires, Brasil, Bolivia, Madrid...

INVESTIGA E REDACTA: Quen foron as *Sensombreiro*? A que se dedicaban?
A día de hoxe segue a ser máis difícil ser pintora e muller?
Cantas pintoras galegas coñeces?

Maruja Mallo estivo en Beluso (Bueu) debuxando as xentes do mar, os peixes, os insectos... nun caderno que aínda se conserva hoxe entre o seu legado artístico.

MULLERES GALEGAS

colorea






MULLERES GALEGAS

labirinto

Sabías que foi
mestra en Ávila?
Síguela polo labirinto
e averigua de que
materias...



Maruja Mallo
está considerada
como unha das pintoras
máis destacadas
do surrealismo.

MULLERES GALEGAS

debuxa



A obra surrealista é aquela que **deixa que a imaxinación non teña límites**. Os soños, o azar ou as cousas imposibles son temáticas desenvolvidas polo surrealismo na pintura, cine, fotografía etc.

Imaxina e fai un debuxo surrealista,
é dicir, **debuxa os teus soños ou cousas imposibles!**

Sabías que a Maruja Mallo lle gustaba moito facer colaxes?

MULLERES GALEGAS

curiosidades

A **colaxe** é unha técnica artística na que se mesturan diversos materiais para conformar unha creación unificada. Debuxos, fotos, anacos de tea ou de madeira, o que se vos ocorra, poden ser pezas empregadas para compoñer a obra de arte.



PEGA AQUÍ UNS OLLOS

AQUÍ UN NARIZ

UNHA BOCA AQUÍ

CORTA, PEGA E DEBUXA O RESTO DA TÚA PERSONAXE
Busca xornais ou revistas vellas na casa, unhas tesoiras, pegamento e pide axuda a unha persoa adulta. Atrévete a facer unha?

Comproba
o teu paso
polo labirinto.

MULLERES GALEGAS soluciona

